

ACORDOS NÚMERO 9/2017
SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 27/04/2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día vinte e sete de abril de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- ESCRITOS VARIOS.-
- 2- ESCRITO DE A.C.L..-
- 3- INSTALACION DE CLIMATIZACION PARA O LOCAL SOCIAL DE NUMIDE.-
- 4- PROPOSTA CREACION BOLSA DE TRABALLO PERSOAL PUNTO DE ATENCION A INFANCIA.-

1.- ESCRITOS VARIOS.-

Polo señor alcalde informáse de que se recibiron os seguintes escritos:

- 1.- da Mancomunidade de Municipios Comarca de Ordes, nº rexistro de entrada 437, en relación a resolución de aceptación de reclamación presentada polo Alcalde de Ordes en relación a convocatoria de reunión para o día 26.04.2017.Visto.
2. Da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nº rexistro de entrada 367, en relación a circular informativa sobre informes sectoriais na tramitación dos instrumentos de planeamento.- Visto.
3. Ministerio de Facenda e Función Pública, nº rexistro de entrada 427, en relación a solicitude de cumprimento de acordos dos plenos municipais en relación aos representantes da Mancomunidade. Visto.
4. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en relación a Informes en Paradela (Leobalde)e Outros. Visto.

5. Mancomunidade de Ordes inauguración e primeira visita á feira de exposicións Expoordes 2017.
Visto.

2.- ESCRITO DE A.C.L.-

Polo señor alcalde infórmase de que se recibe escrito de don A.C.L. solicitando a corrección de planos e toda a documentación para que apareza reflejada correctamente a parcela XXX do polígono XX deste termino municipal.

Acordos adoptados:

Comunicar a Estudio Técnico Galega,S.L., empresa encargada do servizo técnico municipal.

3.- INSTALACION DE CLIMATIZACION PARA O LOCAL SOCIAL DE NUMIDE.-

Acordos adoptados:

1º.- Adquirir o seguinte climatizador ABG 30-36-45 UiA-LR.

2º Aprobar o presuposto 1011 por un importe de 6013,70€ presentado por JMPK PARQUES INFANTILES Y MOBILIARIO URBANO, S.L., para suministro e montaxe dunha instalación do climatizador ABG 30-36-45UiA-LR., por ser a oferta máis vantaxosa.

4.- PROPOSTA DE AMPLIACION DA BOLSA DE TRABAJO PERSOAL PUNTO DE ATENCION A INFANCIA.-

Acordos adoptados:

Se adopte o acordo de aprobación de ampliación de bolsa de traballo para posto de persoal de atención directa para o PAI, necesaria para poder garantir a continuidade na prestación do servizo en caso de substitución de traballadoras (vacación, baixas, permisos ...), en particular en vacacións anuais.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:15 h.